

EMPRÉGA-T

POTENCIA O TEU TALENTO

PROGRAMA FORMATIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Outubro e novembro de 2017

Na Fac. de CC. Económicas e Empresariais (Santiago de Compostela) e
na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Lugo)

O obxectivo principal do programa é crear un espazo de encontro entre o alumnado e a empresa, acercando el mundo académico y el profesional. As actividades, divididas en tres grandes bloques (formación, adestramento, e relación co entorno) pretenden ofrecer unha formación complementaria aos estudantes nas denominadas **competencias brandas**, habilidades persoais, sociais e directivas, co fin último de **mellorar as súas competencias profesionais de cara a afrontar o seu futuro laboral**, nunha dobre vertente:

- Mellora da **empregabilidade**
- Desenvolvemento do potencial **empendedor**

EMPRÉGA-T inclúe 3 bloques/tipoloxía de actividades:



1. FÓRMA-T: As 8 T's do Talento

Seminarios de desenvolvemento de habilidades profesionais para a mellora da empregabilidade e das competencias emprendedoras.

ENTÉRA-T: Sesión de apertura e presentación do programa.

3 de outubro, ás 9:30 no Salón de Graos da Facultade de CC.EE de Santiago e 6 de novembro, ás 10:00 horas na Facultade de ADE de Lugo. Asistencia aberta ao público, sen previa inscrición.

Seminario: Recursos e fontes de información para a busca de emprego. Programas de Prácticas para a iniciación profesional.

Duración: 4 horas en sesión única en Santiago. 4 horas en sesión única en Lugo.

Poñente: Técnicos da Área de Orientación Laboral e Emprego, Vicerreitoría de Estudantes da USC.

COMUNÍCA-T

Nesta sesión ofrecerase un conxunto de ferramentas coas que desenvolver e potenciar as competencias e habilidades comunicativas para o seu futuro empresarial e profesional. O alumnado traballará competencias individuais tales como falar en público, liderado, estratexia, consecución de obxectivos, argumentación, elaboración dun discurso/presentación, empatía, concreción e capacidade de síntese, improvisación e xestión do tempo. Para elo, o obradoiro basearase na formación teórica de estratexias para o deseño de presentacións en público eficaces.

Duración: 4 horas en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde). 4 horas en Lugo

Poñente: Santiago Martínez, socio fundador de Eloquencia

COÑECE-T

O primeiro paso no proceso de busca de emprego é sempre o autocoñecemento, descubrir as nosas fortalezas e os nosos puntos de mellora para saber empregalo ao noso favor e adecuar a nosa candidatura ao perfil profesional ofertado. Nesta sesión presentaranse as ferramentas para conseguilo, así como o funcionamento dos procesos de selección actuais centrados na adecuación "persoa-posto". Do mesmo xeito, centrarémonos no papel das competencias no proceso de decisión para a elección dunha persoa para un posto de traballo.

Duración: 4 horas en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde). 4 horas en Lugo

Poñente: Belén Varela, socia fundadora de RH Positivo

VÉNDE-T

Superar os filtros iniciais establecidos por *headhunters*, empresas de selección e departamentos de RRHH é, quizais, un dos obstáculos máis importantes na tarefa de busca do proxecto profesional. Como destacar sobre o resto das candidaturas? Sen dúbida, o deseño e posta en marcha dun bo plan de acción faise

necesario neste punto: cartas de presentación, elaboración do *curriculum vitae*, uso das redes sociais, vídeo currículo, etc., deben ter un contido e enfoque adecuado segundo as circunstancias.

Duración: 4 horas en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde). 4 horas en Lugo

Poñente: Alejandra Mosteiro, Socia Extend Recursos Humanos SLL

MÓVE-T

Esta sesión está deseñada co obxectivo de presentar ao alumnado o amplo abano de opcións de prácticas internacionais, recursos e oportunidades de traballo e mobilidade.

Duración: 4 horas, só en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde)

Poñente: Representantes de diversas entidades relacionadas con programas e iniciativas de mobilidade.

DIFERENCIA-T

O obxectivo fundamental deste seminario é desenvolver a habilidade creativa para a resolución de problemas e consecución de retos de xeito rompedor, innovador e exitoso. Entre as habilidades brandas máis demandas polas empresas, a creatividade sitúase cada vez máis alto, entendendo que é o pilar fundamental para chegar á innovación. Non só é importante no desempeño dun posto profesional senón que a creatividade resulta necesaria no propio proceso de busca de emprego para lograr diferenciarse do resto de candidaturas.

Duración: 4 horas en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde). 4 horas en Lugo

Poñente: Carolina Lodeiro, socia directora de Wayna Consultora SL

LÁNZA-T

Esta sesión busca achegar o emprendemento empresarial ao alumnado, traballando os pasos fundamentais de cara a elaboración dun plan de empresa cun enfoque eminentemente práctico. Cal é a túa proposta de valor, como segmentar aos teus potenciais clientes ou que recursos precisas son algunhas das cuestións a tratar neste seminario, empregando como ferramenta o Canvas de modelo de negocio.

Duración: 4 horas, en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde). 4 horas en Lugo

Poñente: Tamara Rodríguez Silva, xerente de IN&S Comunicación e Innovación Sostible

POSICIÓN-A-T

A busca de emprego 2.0: Coñece os recursos máis innovadores na busca de emprego en internet. Nun mundo como o actual a habilidade de saber posicionarnos no mundo 2.0 é condición indispensable. Resulta necesario saber construír unha rede de contactos *online*, definindo as nosas metas e amosando o noso valor profesional neste entorno. Aprender como diferenciarnos e como conseguir que nos atopen para poder participar nos procesos de selección que hai diariamente na rede é o obxectivo desta sesión.

Duración: 4 horas, só en Santiago (pódese escoller entre quenda de mañá ou tarde)

Poñente: Xosé Alberte Cea, Orientador laboral no Concello de Vigo e experto nos procesos de búsqueda de emprego e desenvolvemento profesional na contorna da sociedade dixital.

2. ADÉSTRA-T: Laboratorio de Empleo

O laboratorio de emprego, **Talent's Loop**, consiste nun percorrido polo que o participante simulará o paso por un proceso de búsqueda de emprego e de selección de persoal dunha empresa. Proporciona ao estudante un **adestramento persoal e individualizado** ao longo de 5 etapas.

1. Constrúe a túa **imaxe**
2. Os seis segundos de vida do **Currículo Vitae**
3. Supera as **entrevistas** con éxito
4. Destaca co teu **speech**
5. Brilla nas **dinámicas de selección**



Deste xeito, as persoas participantes poderán pór en práctica os coñecementos adquiridos e solucionar as dúbidas que poidan xurdir na vida real. En cada unha das etapas cada participante recibe *feedback* personalizado por parte dos facilitadores para mellorar as súas posibilidades de pasar con éxito un proceso selectivo

Duración: 2 horas por persoa, horario a escoller ao longo de 3 días en Santiago e 2 días en Lugo.

Organización a cargo de: Wayna Consultora S.L. e IN&S Comunicación e Innovación Sostible

[Ver video-resumen edicion 2016 en USC TV](#)

3. RELACIÓN-T: Universidade na rúa

Este bloque de actividades, que só se organiza en Santiago, inclúe 4 eventos tipo *afterschool* nos que os participantes poderán relacionarse con persoas emprendedoras de diferentes sectores (social, cultural, deportivo,...) que impartirán pílulas formativas e compartirán a súa experiencia. Cada evento finaliza cunha dinámica de *networking*, na que se trata de fomentar a relación entre todas as persoas asistentes.

Trátase de crear espazos de encontro entre o mundo universitario e o profesional cunha dobre finalidade: por un lado, que o noso alumnado poida realizar un primeiro achegamento ás empresas e, por outro, que as empresas coñezan o talento que temos nas nosas aulas.

Cada evento terá unha duración aproximada de 2 horas e desenvolveranse en diversos espazos fora do ámbito académico (bares e pubs da cidade). No último dos catro eventos o protagonista será o propio alumnado, tendo a posibilidade **10 persoas, seleccionadas previamente entre os participantes nas actividades anteriores, de facer una presentación pública do seu valor profesional ou a súa idea emprendedora** dun xeito moi visual e atractivo, contando para elo cunha **tutorización individualiza** previa para axudarlle a preparar as súas presentación (en formato *PechaKucha* -20 diapositivas en 20 segundo cada una-). Haberá agasallos especiais para estas 10 persoas e catering para todos.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

Fac. CC. Económicas e Empresariais (Santiago)

OUTUBRO 2017				
LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
2	3	4	5	6
	ENTÉRA-T Sesión única 9:30 – 14h Salón de Graos			
9	10	11	12	13
			NON LECTIVO	
16	17	18	19	20
	COMUNICA-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h Salón de Graos		COÑECE-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h Salón de Graos	
23	24	25	26	27
	VÉNDE-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h Salón de Graos		MÓVE-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h AULA 27	
NOVEMBRO 2017				
30 OUTUBRO	31 OUTUBRO	1	2	3
	DIFERENCIA-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h AULA 18	NON LECTIVO	LÁNZA-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h AULA 18	
6	7	8	9	10
	POSICIÓNA-T Mañana: 10-14h Tarde: 16-20h Salón de Graos	1er Afterschool 20:30-22:30 h Pendiente espacio		
13	14	15	16	17
	ADÉSTRA-T Hall da entrada De 9:00 a 21:00 h	ADÉSTRA-T Hall da entrada De 9:00 a 21:00 h 2º Afterschool 20:30-22:30 h Pendiente espacio	ADÉSTRA-T Hall da entrada De 9:00 a 21:00 h	
20	21	22	23	24
		3º Afterschool 20:30-22:30 h Pendiente espacio		
27	28	29	30	
			4º Afterschool 20:30-22:30 h Pendiente espacio	

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

Fac. de Administración e Dirección de Empresas (Lugo)

NOVIEMBRE 2017				
LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
30 OUTUBRO	31 OUTUBRO	1	2	3
		NON LECTIVO		
6	7	8	9	10
ENTÉRA-T Sesión única, 10 - 14h Salón de Graos				
13	14	15	16	17
20	21	22	23	24
	COMUNÍCA-T Mañana: 10 - 14h VÉNDE-T Tarde: 16 - 20h	COÑECE-T Mañana: 10 - 14h	DIFERENCIA -T Mañana: 10-14h LÁNZA -T Tarde: 16-20h	
27	28	29	30	
	ADÉSTRA-T Hall da entrada, De 10:00 a 20:30h	ADÉSTRA-T Hall da entrada, De 10:00 a 20:30h		

Cómputo de horas por alumno/a participante:

SANTIAGO		LUGO	
1. FÓRMA-T: As 8 T's do Talento			
ENTÉRA-T (*)	4	ENTÉRA-T (*)	4
COMUNÍCA-T	4	COMUNÍCA-T	4
COÑÉCE-T	4	COÑÉCE-T	4
VÉNDE-T	4	VÉNDE-T	4
MÓVE-T (*)	4	DIFERÉNCIA-T	4
DIFERÉNCIA-T	4	LÁNZA-T	4
LÁNZA-T	4		
POSICIÓNA-T (*)	4		
2. ADÉSTRA-T: Talent's Loop			
Lab. de Emprego	2	Lab. de Emprego	2
3. RELACIÓNA-T: Universidade na rúa			
<i>Afterschool I</i>	2		
<i>Afterschool II</i>	2		
<i>Afterschool III</i>	2		
<i>Afterschool "Evento de peche"</i>	2		
TOTAL HORAS POR PARTICIPANTE	42		26

NOTAS:

- Todos os seminarios do bloque 1 (Fórma-T) en Santiago impartiranse en dúas quendas, agás Entéra-T
- O Laboratorio de Emprego (Adéstra-T) é un itinerario formativo individualizado, de duración 2 horas por participante, horario a escoller polo mesmo ao longo de todo o día.
- As sesións de afterschool (Relacióna-T) só se levarán a cabo en Santiago.

(*) *Seminarios incluídos na programación do Servicio de Orientación Laboral, polo que non serán computables a efectos de posible convalidación por un crédito optativo (en proceso de trámite) no caso de que o/a estudante esté matriculado no programa deste servizo. É requisito un 80% de asistencia para obtención do crédito.*

+INFORMACIÓN:

www.empregate.usc.es

INSCRICIÓN:

TODOS os participantes deberán inscribirse nas actividades nas que se desexe participar a través do formulario dispoñible na web www.empregate.usc.es

Plazo inscrición: ata o día anterior á celebración de cada actividade agás no caso seguinte.

RECOÑECIMENTO ACADÉMICO:

Este programa ten recoñecemento académico para todas as titulacións da USC e poderá ser convalidado por **1 crédito ECTS optativo**.

Os participantes interesados en solicitar este recoñecemento deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º) Matricularse a través da súa Secretaría Virtual: Ademais de inscribirse segundo o indicado anteriormente, tendrán que facer a correspondente matrícula na actividade “Emprégate” a través da súa secretaría virtual, accedendo na columna esquerda a “Actividades, cursos e probas” / “Oferta” / “Actividades de recoñecemento de ECTS nos Graos”.

Polo tanto, no caso de querer solicitar posteriormente o crédito, deberán facer un dobre rexistro:

- a) Matricularse na súa secretaría virtual na actividade “Emprégate”, e adicionalmente:
- b) Inscribirse nas actividades ás que se vaia a asistir a través do formulario provisto na web:

www.empregate.usc.es

2º) Horas de asistencia: Deberán asistir a un mínimo de **25 horas** (se pasará control de asistencia á entrada e saída de cada actividade)

3º) Plazo de matrícula: neste caso, o prazo para facer a matrícula a través da secretaría virtual remata o **16 de outubro**.



FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS
E EMPRESARIAIS



ORGANIZAN:



FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS
E EMPRESARIAIS



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL

CO APOIO DE:



CONSELLO SOCIAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

COLABORAN:



VICERREITORÍA DE COMUNICACIÓN
E COORDINACIÓN



FACULTAD DE ADMINISTRACIÓN
Y DIRECCIÓN DE EMPRESAS

Cátedra Bancaja
Jóvenes Emprendedores
Universidad de Santiago
de Compostela
* Compromiso Social Bancaja